



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO  
MGF/cvr  
Refª: 18x420140558  
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-10-2018

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día tres de outubro de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**14/558 CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. (EXPTE. REF. 17-2017) POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 1 ANO COMPRENDIDO ENTRE O 04/10/2018 ATA O 03/10/2019.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 24 de setembro de 2018 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

1º. - *Acordo da Xunta de Goberno Local número 17/360, do catorce de xuño de dous mil dezasete, polo que se aproba **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. (EXPTE. REF. 17-2017)**, os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexeron a súa licitación, e a forma de adxudicación polo procedemento aberto.*

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Decreto da Alcaldía número 17007795, do 8 de setembro do 2017, polo que se aprobou adxudicar á mercantil **FCC AQUALIA, S.A.**, con NIF: A26019992 o procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. (EXPTE. REF. 17-2017)**, á vista dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas, dos que resulta a oferta economicamente máis vantaxosa consistente por unha banda nun orzamento máximo para a primeira anualidade de 8.941,08 euros anuais, IVE excluído, ao que sumado o IVE (21%) resulta un prezo máximo anual do contrato de 10.818,71 euros, IVE incluído...”

4º.- Contrato relativo á **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE**

1



MURALLA  
patrimonio da humanidade

CSV: Givp07lix6iEuZaiP1T2A==


SINATURAS

LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA  
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELEIRO  
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 1 / 4

DATAS(UTC)

09/10/2018 12:09:41  
09/10/2018 12:09:40



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 18x420140558

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-10-2018

**ABASTECIMENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. (EXPTE. REF. 17-2017)** asinado entre o Concello de Lugo e a empresa adxudicataria **FCC AQUALIA, S.A.**, con NIF: A26019992 con data 3 de outubro do 2017, no que na súa cláusula terceira se sinala entre outros: "A duración do contrato será de UN ANO a contar dende a data da formalización do contrato administrativo. O dito prazo será prorrogable por mutuo acordo das partes por outro período máximo anual, sen que a duración total do contrato, incluída a prórroga, poida exceder de DOUS ANOS"

5º.- Certificación de existencia de crédito na aplicación 16100.22799 por importe de 3443,66 euros para atender o gasto durante o presente exercicio orzamentario (RC 85696/18) de data 18/09/2018.

6º.- Informe da farmacéutica municipal do 17/09/2018, co seguinte teor:

**"INFORME PRÓRROGA CONTRATO AQUALIA**

*Respecto á solicitude presentada pola empresa FCC AQUALIA, interesando prórroga do contrato correspondente ao **SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO, (Expete. Ref. 17-2017).***

**INFORMO:**

*Que non existe, por esta parte, inconveniente algún para proceder a formalización da citada prórroga.*

*O importe da anualidade é de **10.818,71 euros IVE INCLUÍDO**, distribuído do seguinte xeito:*

- **3443,66 euros (ive inc.), correspondentes ó exercicio de 2018**
- **7375,051 euros (ive inc.), correspondentes ó exercicio de 2019.**

7º.- Certificado da Tesourería Municipal do 30 de xullo de 2018 de non existencia de débedas tributarias por parte da mercantil FCC AQUALIA, S.A.

8º.- Certificación de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

9º.- Certificación de atoparse ó corrente coas obrigas coa Seguridade Social.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).



- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve a Lei 30/2007.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.** Conforme ao disposto no artigo 23 do TRLCSP, "2. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrência para a súa adxudicación fora realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

*A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes."*

Neste sentido a cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas que rexe no contrato de referencia establece que " A duración do contrato será de UN ANO a contar dende a data da formalización do contrato administrativo. O dito prazo será prorrogable por mutuo acordo das partes por outro período máximo anual, sen que a duración total do contrato, incluída a prórroga, poida exceder de DOUS ANOS".

Faise constar expresamente que a empresa adxudicataria solicitou a prórroga en tempo e forma e a farmacéutica municipal, responsable do contrato, emitiu informe favorable segundo consta nos antecedentes da presente proposta.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no apartado 3 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo número 3/2011, do 14 de novembro."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmá. Sra. D.<sup>a</sup> ANA PRIETO NIETO, Alcaldesa Presidenta en funcións do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 18x420140558

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-10-2018

Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e a Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Prorrogar o contrato administrativo do **SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. (EXPTE. REF. 17-2017)** suscrito por este Concello e a mercantil **FCC AQUALIA, S.A.**, con NIF: A26019992 dende o 04/10/2018 ATA O 03/10/2019 con base nos informes técnicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos para os efectos da súa fundamentación, con estrita suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de 3.443,66 euros, IVE incluído, para facer fronte á prorroga no exercicio 2018 con cargo á aplicación 16100.22799 (RC 85696/18) e comprometerse a habilitar crédito necesario para facer fronte aos gastos derivados do contrato no exercicio 2019 (7.375,051 euros).

**TERCEIRO.-** Darlles traslado desta resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demais dependencias municipais afectadas. Contra a dita resolución, caberá a interposición dos seguintes recursos:

**CUARTO.-** Este acordo, que pon fin á vía administrativa, seralles notificado ás partes interesadas, así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Malia o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**